



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/09/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o quince de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da derogación da ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por licenzas de apertura de establecementos.

Visto que con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2013, do 12 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia, que establece un réxime xurídico único e con carácter xeral a supresión da necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, establecendo un modelo de comunicación previa, resulta necesario aprobar unha ordenanza adaptada á nova normativa.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse:



Primeiro.- Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de apertura.

Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro do concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Aprobación, se procede, da ordenanza reguladora das comunicacións previas en obras e actividades do concello de Vedra.

Este concello dentro das medidas de adaptación á Lei 9/2013, do 27 de setembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia, e demais normativa aplicable, mediante a presente ordenanza pretende facilitar e facultar a posta en marcha de actividades económicas así como a realización de actos de uso do solo e do subsolo que non requiran unha licenza previa, co fin de estender a eliminación de trabas e axilización administrativa e outras actividades, de xeito que poderán iniciarse sen previa licenza municipal dende o mesmo día da presentación da comunicación previa, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori.

De conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a *ordenanza municipal reguladora das comunicacións previas en obras e actividades do Concello de Vedra*

Segundo.- Someter a citada ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considérase definitivamente aprobada sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo vai absterse.

O Sr. Pose do BNG expón que tamén vai absterse posto que como xa dixo en moitas ocasións, posto que en dous días non pode revisar toda a documentación que se lle envía, posto que traballa, máxime cando dentro duns meses como anunciou o Sr. Secretario hai que volver a modificar estas ordenanzas para adaptalas a unha nova normativa.



O Sr. Alvela de TEGA di que votará a favor desta ordenanza posto que sen coñecer en moita profundidade o tema, tendo en conta o seu espírito, parécelle fenomenal que se axilicen trámites, porque moitas veces a burocracia e o papelame o único que serven é para poñer trabas.

O Sr. Pose di que ao seu entender non se axilizan os trámites, só cambia o modelo de concesión de licenzas, e que as taxas non se van suprimir porque son recursos que necesitan os concellos.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e TEGA, e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar a citada ordenanza municipal.

4º.- Aprobación, se procede, da imposición da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura e pola intervención municipal en comunicacións previas e declaracións responsables e da ordenanza fiscal reguladora da mesma.

Dáse conta da nova proposta de ordenanza adaptada á normativa vixente.

Proponse:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura e pola intervención municipal en comunicacións previas e declaracións responsables e da ordenanza fiscal reguladora da mesma.

Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición pública do mesmo no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar que no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no citado prazo, baseándose no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o acordo é definitivo.

O Sr. Lema do PP di que do que se trata é de adaptar a normativa á nova lexislación, e que para o seu grupo é unha oportunidade para que se minore a burocracia que ás veces, non tanto no noso concello coma noutros, para abrir un negocio hai moitos trámites que imposibilitan e que incluso o levan á creba antes de abril, e que dende logo para eles todo que sexa axilizar trámites benvido sexa.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo vaise abster, e que hai que esperar para ver como lle afectan as novas taxas aos negocios.

O Sr. Pose do BNG di que tamén vai absterse polos mesmos motivos expostos no punto 2º e que a nova normativa o que supón é un cambio de modelo.

O Sr. Alvela de TEGA di que no tema das taxas se vai abster porque non é partidario de moitas taxas.



O Sr. Lema di que loxicamente hai un cambio no tema das taxas por licenzas de actividades, pero que o importante é que unha persoa que queira emprender un negocio xa pode empezar a xerar actividade económica dende o momento en que comece, loxicamente despois ten que cumprir as normas, facer os seus proxectos, sometela a inspección. Trátase dun cambio de modelo que entenden que é positivo, e polo que respecta ás taxas tamén lle gustaría que non as houbese, pero que son necesarias porque o concello necesita os recursos.

Posta a votación a citada proposta apróbase con seis votos a favor do PP e sete abstencións do PSdG-PSOE, BNG e TEGA.

5º.- Acordo, se procede, sobre refinanciamento, en mellores condicións, o préstamo ICO 2012 para pago a provedores (RD-L 8/2014 e Lei 18/2014, do 15 de outubro, sobre medidas vixentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia)

O Real Decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, autorízalle aos concellos a refinanciar a débeda que teñen contraída co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores, sempre que poidan acceder a unhas condicións máis alcanzables nos mercados e se cumpran unha serie de requisitos e condicións previstos na norma.

Á vista do informe emitido pola Secretaría-Intervención en sentido favorable, por Resolución da Alcaldía núm. 339/14, de data 25 de setembro, acordouse solicitar ás entidades financeiras coas que traballa habitualmente o concello a concertación dunha nova operación de endebedamento para cancelar totalmente a débeda que este concello ten co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores, e simultaneamente publicar anuncio na páxina web municipal.

En función da proposta da Mesa de Contratación, proponse:

Adxudicarlle a operación de refinanciamento á entidade bancaria Banco BBVA por considerar que é a oferta máis vantaxosa, nas seguintes condicións:

Xuro Ofertado: Euribor 90 días + 1,29.

Xuro de mora: 4,00 puntos máis.

Amortización: 28 cotas trimestrais (ata o 31/12/2021).

O Sr. Lema do PP di que con esta operación bancaria trátase de mellorar os xuros do endebedamento que temos para atender os pagos a provedores, e que afortunadamente a situación do mercado financeiro mellorou e estamos en condicións de acceder a ese mellor financiamento a través do mercado.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE manifesta o voto favorable do seu grupo a ese punto e di que se existe esa mellora no mercado financeiro, que se lle solicite a esa entidade bancaria que faga efectivo os compromisos que ten pendentes co noso concello en proxecto tan importantes como o de polígono industrial.

O Sr. Pose do BNG oponse a esta operación posto que esa entidade bancaria débelle ao concello sobre 200.000 euros, que se irá incrementado co paso do tempo, no



proxecto do polígono industrial, e que xa propuxo nun pleno que se retirasen todos fondos e contas que temos no BBVA, aínda que efectivamente este sexa o propietario do Banco de Crédito Local.

Di ademais que é unha auténtica barbaridade posto que se calquera persoa tivese unha débeda dese calibre coa entidade crucificaríao, polo que deberíase publicar nos xornais, posto que con esta operación de refinanciamento van ter uns beneficios.

O Sr. Alvela de TEGA di que votará a favor da proposta posto que supón un aforro para o concello, pero que se debería cun acordo plenario ir a por todas contra este banco posto que é unha auténtica tomadura de pelo.

A Presidencia di que non hai na sala ningunha outra persoa que teña menos ganas de darlle un crédito a esa entidade bancaria, pero que nun proceso de adxudicación legal, de pedimento de ofertas, por desgraza era a mellor oferta das presentadas, e quere deixar claro que unha cousa non impide que se utilicen todos os medios ao alcance para ir a por eles, para que asuman as obrigas que teñen co concello.

O Pleno con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE, e TEGA e un voto en contra do BNG acorda aprobar a citada operación de refinanciamento.

6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de ampliación do prazo para a devolución das liquidacións negativas da Participación nos tributos do Estado 2008 e 2009 (Disposición Adicional única do RD-L 8/2014).

O Real Decreto-lei 12/2014, do 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no orzamento dos Ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na súa disposición adicional única, apartado 3, establece a posibilidade de que as entidades locais poidan ampliar en 120 meses o prazo actual para o reintegro das cantidades pendentes polas liquidacións negativas na participación nos ingresos do Estado de 2008 e 2009.

Visto o informe de Secretaría-Intervención no sentido de que o concello cumpre cos requisitos esixidos no citado RD-L, propónse:

Solicitar a ampliación do prazo de reintegro dos saldos debedores das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, co que o importe anual a reintegrar pasaría de 28.214 euros na actualidade a 11.756 euros coa ampliación, xerando uns recursos presupostarios e unha liquidez adicional anual de 16.458 euros, que facilitaría o cumprimento co período máximo legal de pago a provedores.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada ampliación.

7º.- Aprobación, se procede, das correccións no convenio colectivo do concello de Vedra a instancias da Consellería de Traballo e Benestar.

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Traballo e Economía Sostible da Consellería de Traballo e Benestar solicitando determinadas correccións no



texto do convenio colectivo do concello de Vedra aprobado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2014.

O Sr. Lema do PP di que un dos trámites de aprobación do convenio colectivo é a súa remisión á Consellería de Traballo e Benestar, que neste caso propuxo unhas pequenas correccións no texto aprobado no pleno ordinario do mes de xullo, que se fixeron en consenso cos tres sindicatos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar as citadas correccións.

8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia di que por motivos persoais por todos coñecidos nesta semana non puido mirar os rogos formulados e que se contestarán no vindeiro pleno do mes de novembro.

9º.- Rogos e preguntas.

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que na Xunta de Goberno do 30 de setembro, aprobouse unha factura por retirada de puntos de luz en Viño grande, preguntando que tipo de luminarias se colocaron e solicita autorización para poder examinar o expediente.

Pregunta tamén se o centro médico de Santa Cruz de Ribadulla foi cedido a algunha asociación ou a algún colectivo e para que tipo de actividade.

--Don Odón C. Cobas do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1.- Referente á estrada 8203 de Vedra a Santa Lucía, di que existe unha partida orzamentaria para levar a cabo o último tramo dende a ponte das Cabras ata a Santa Lucía (enlace coa estrada N-525), e que hai uns días veciños de San Xián lle recordaron certos temas, polo que pregunta o seguinte:

En anteriores lexislaturas cando el era o Alcalde de Vedra o Sr. Costa Carneiro, dende a oposición, lle matinaaba nos plenos a variante necesaria neste último tramo para que o enlace se levase a cabo máis abaixo da gasoleira, na autoestrada, posto que era máis seguro e reunía mellores condicións, e que supón que o concello non ten o proxecto dese tramo, pero que dende logo dá por feito que esa variante está contemplada, posto que temos un deputado provincial que ten un voto determinante (16/15) na Deputación, que insistía en moitos plenos que era necesaria, e que de non ser así o consideraría un fraude electoral, sobre todo para os veciños de San Xián, que el puxo tantas veces na súa boca dicindo que había que facela.

2.- O Sr. Alcalde en plenos de anteriores lexislaturas, solicitounos varias veces mellorar a ponte na estrada provincial que vai dende A Gaiosa ata a Ponte de Sarandón, e dado que nestes días se están a facer melloras nesa estrada, pregunta se existe proxecto desa ponte e cando se vai facer, posto que ten un membro do seu equipo de goberno que é deputado provincial con voto determinante, e supón que o Sr. Alcalde llo encargaría, e dá por feito que se está a traballar no proxecto e que esa obra se vai facer.



3.- Sinala que nestes días viu a maquinaria municipal limpando as medianas na N-525 no lugar de Á Gándara. Existe convenio co Ministerio de Fomento? Vánselle repercutir os gastos ao citado ministerio?

Di que hoxe mesmo veu a maquinaria limpando unha finca privada en Ponte Ulla propiedade do Sr. Louzao. Hai convenio con este particular? Posto que as vías municipais están moi abandonadas e en cambio estanse a limpar propiedades doutras administracións e de particulares.

4.- Di que o PP levaba no seu programa electoral “Desenvolvemento e emprego. Impulso, axilización do polígono industrial como xerador de emprego e desenvolvemento económico da zona”. Como está o proxecto? O BBVA depositou o diñeiro correspondente á parte que lle toca? Di que se non é así que llo esixa, que traia a un pleno un acordo, que contará co seu voto favorable, o que non pode ser é que despois de catro anos de aprobado, o proxecto estea sen rematar, posto que hai persoas interesadas en investir en Vedra.

5.- Di que o PP levaba no seu programa electoral un apartado de “apoio á caza e á pesca. Estudo da posibilidade dun campo de tiro” que o seu grupo tamén levaba, que xa tiñan feito algún contacto con Ramsa e a asociación Agarta., pero como perderon as eleccións quedou o tema aí. Como está o tema?. Hai proxecto?. Houbo contactos con Ramsa ou con outros propietarios?

6.- Parece ser que o grupo GDR- Terras de Compostela terá as súas oficinas neste termo municipal. Solicita información deste grupo, posto que hai veciños de Boqueixón, agricultores, que son beneficiarios de axudas deste grupo, e os de Vedra teñen unha certa envexa porque non saben como poder acceder a estas axudas, solicitándolle que informe da forma máis extensiva posible para que os agricultores deste concello poidan acceder ás mesmas.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.